

IES AGRA DE RAÍCES

PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA
DEPARTAMENTO DE
CIENCIAS NATURAIS

CEE

CURSO 2022-2023

ÍNDICE

1. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO. MATERIAS E NIVEIS	4
1.1. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO	4
1.2. MATERIAS E NIVEIS	5
2. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	6
2.1. INTRODUCCIÓN	6
2.2. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO EN RELACIÓN COAS MATERIAS DEPENDENTES DO DEPARTAMENTO	8
2.3. NORMATIVA DE REFERENCIA	8
3. PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL	9
3.1. DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN DE XEITO PRESENCIAL	9
3.2. DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN DE XEITO SEMIPRESENCIAL	9
3.3. DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN DE XEITO NON PRESENCIAL	9
3.4. SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN NUNHA SITUACIÓN DE ACTIVIDADE LECTIVA SEMIPRESENCIAL OU NON PRESENCIAL	10
4. OBXECTIVOS	11
4.1. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	11
4.2. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA DO BACHARELATO	12
4.3. CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS POR CURSO	14
4.3.1. BIOLOXÍA E XEOLOXÍA DE 4º DA ESO	14
4.3.2. BIOLOXÍA DE 2º DE BACHARELATO	15
4.3.3. CIENCIAS DA TERRA E O MEDIOAMBIENTE DE 2º DE BACHARELATO	16
5. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	18

5.1 RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS	19
5.1.1. BIOLOXÍA E XEOLOXÍA DE 4º DA ESO	19
5.1.2. BIOLOXÍA DE 2º DE BACHARELATO	23
5.1.3. CIENCIAS DA TERRA E DO MEDIOAMBIENTE DE 2º DE BACHARELATO	30
6. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLES DOS OBXECTIVOS E CONTIDOS DESENVOLVIDOS, COMPETENCIAS CLAVE, TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	36
6.1. BIOLOXÍA E XEOLOXÍA DE 4º DE ESO	36
6.2. BIOLOXÍA DE 2º DE BACHARELATO	45
6.3. CIENCIAS DA TERRA E DO MEDIO AMBIENTE DE 2º DE BACHARELATO	57
7. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA	66
7.1. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS XERAIS NA ESO	66
7.2. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS XERAIS NO BACHARELATO	67
7.3. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	69
8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO	71
8.1. BIOLOXÍA E XEOLOXÍA DE 4º DE ESO	71
8.2. BIOLOXÍA DE 2º DE BACHARELATO	73
8.3. CIENCIAS DA TERRA E DO MEDIO AMBIENTE DE 2º DE BACHARELATO	75
9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES	78
10. ORGANIZACIÓN DE PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS PREVIOS (BACH.)	79
11. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE	80
12. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS	82
13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E DIFICULTADES DERIVADAS DA FENDA DIXITAL	82

13.1. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NA ESO	82
13.2. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NO BACHARELATO	84
14. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS	85
15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	90
16. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA	91
17. SINATURAS	92

1. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO. MATERIAS E NIVEIS

1.1. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO

Os docentes do departamento de Ciencias Naturais, durante o curso 2022/2023 son Raúl Trasande Silva, Raquel de la Torre Garel e Laura Otero Rodríguez. Os cargos que ostentan, así como as materias que imparten amósanse na seguinte táboa:

PROFESOR/A	CARGO/S	MATERIAS E NIVEIS
Raúl Trasande Silva	Xefe de Departamento e titor de 1º ESO B	Biología de 2º de Bacharelato, Biología, Xeoloxía e Ciencias Ambientais de 1º de Bacharelato e Biología e Xeoloxía de 1º da ESO.
Raquel de la Torre Garel	Secretaria do centro	Ciencias da Terra e o Medioambiente de 2º de Bacharelato, Anatomía Aplicada de 1º de Bacharelato e un grupo de Biología e Xeoloxía de 4º de ESO.
Laura Otero Rodríguez	Titira de 3º ESO-PDC	Biología e Xeoloxía de 3º da ESO, Proxecto de Diversificación Curricular de 3º da ESO, Reforzo Científico-Matemático de 1º da ESO e un grupo de Biología e Xeoloxía de 4º da ESO

1.2. MATERIAS E NIVEIS

MATERIA	CURSO	GRUPOS	HORAS	TOTAL
Bioloxía e Xeoloxía	1º ESO	3 grupos	3	9
Reforzo matemático	1º ESO	3 grupos	1	3
Bioloxía e Xeoloxía	3º ESO	2 grupos	2	4
Proxecto de Diversificación Curricular	3º ESO	1 grupo	8	8
Bioloxía e Xeoloxía	4º ESO	2 grupos	3	6
Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais	1º Bacharelato	1 grupo	4	4
Anatomía Aplicada	1º Bacharelato	1 grupo	4	4
Bioloxía	2º Bacharelato	1 grupo	4	4
Ciencias da Terra e do Medio Ambiente	2º Bacharelato	1 grupo	3	3
				45

2. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A situación actual que continuamos a vivir durante este curso, xunto coa excepcionalidade dos cursos académicos anteriores, fan que esta sexa unha programación didáctica singular. Seguindo a normativa vixente imos realizar de maneira colexiada a seguinte programación intentando dar resposta e adaptándonos aos distintos escenarios de ensino cos que nos podemos atopar durante este curso académico.

2.1. INTRODUCCIÓN

A materia de Bioloxía e Xeoloxía debe contribuír durante a Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) a que o alumnado adquira uns coñecementos e destrezas básicas que lle permitan adquirir unha cultura científica; os alumnos e alumnas deben identificarse como axentes activos, e recoñecer que das súas actuacións e coñecementos dependerá o desenvolvemento do seu medio.

Durante esta etapa perséguese asentar os coñecementos xa adquiridos, para ir construíndo curso a curso coñecementos e destrezas que permitan a alumnos e alumnas ser cidadáns respectuosos consigo mesmos, cos demais e co medio, co material que utilizan ou que está á súa disposición, responsables, capaces de ter criterios propios e de non perder o interese que teñen desde o comezo da súa temperá actividade escolar por non deixar de aprender.

Durante o **primeiro ciclo de ESO**, o eixo vertebrador da materia virará arredor dos seres vivos e a súa interacción coa Terra, incidindo especialmente na importancia que a conservación do ambiente ten para todos os seres vivos. Tamén durante este ciclo, a materia ten como núcleo central a saúde e a súa promoción. O principal obxectivo é que os alumnos e alumnas adquiran as capacidades e competencias que lles permitan coidar o seu corpo tanto a nivel físico como mental, así como valorar e ter unha actuación crítica ante a información e ante actitudes sociais que poidan repercutir negativamente no seu desenvolvemento físico, social e psicolóxico; preténdese tamén que entendan e valoren a importancia de preservar o medio ambiente polas repercusións que ten sobre a súa saúde; así mesmo, deben aprender a ser responsables das súas decisións diarias e as consecuencias que as mesmas teñen na súa saúde e na contorna que os rodea, e a comprender o valor que a investigación ten nos avances médicos e no impacto da calidade de vida das persoas.

No **cuarto curso da ESO**, iníciase ao alumnado nas grandes teorías que permitiron o desenvolvemento máis actual desta ciencia: a tectónica de placas, a teoría celular e a teoría da evolución, para finalizar co estudo dos ecosistemas, as relacións tróficas entre os distintos niveis e a interacción dos organismos entre eles e co medio, así como a súa repercusión na dinámica e evolución dos devanditos ecosistemas.

Ao finalizar a etapa, o alumnado deberá adquirir os coñecementos esenciais que se inclúen no currículo básico e as estratexias do método científico. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual afianzaranse durante esta etapa; igualmente o alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e á análise sobre os grandes avances científicos da actualidade, as súas vantaxes e as implicacións éticas que en ocasións se suscitan, e coñecer e utilizar as normas básicas de seguridade e uso do material de laboratorio.

No **Bacharelato**, a materia de Bioloxía e Xeoloxía profunda nos coñecementos adquiridos na ESO, analizando con maior detalle a organización dos seres vivos, a súa biodiversidade, a súa distribución e os factores que nela inflúen, así como o comportamento da Terra como un planeta en continua actividade.

A **Xeoloxía** toma como fío condutor a teoría da tectónica de placas. A partir dela farase énfase na composición, na estrutura e na dinámica do interior terrestre, para continuar coa análise dos movementos das placas e as súas consecuencias: expansión oceánica, relevo terrestre, magmatismo, riscos xeolóxicos, entre outros, e finalizar co estudo da xeoloxía externa.

A **Bioloxía** expónse co estudo dos niveis de organización dos seres vivos: composición química, organización celular e estudo dos tecidos animais e vexetais. Tamén se desenvolve e completa nesta etapa o estudo da clasificación e organización dos seres vivos, e moi en especial desde o punto de vista do seu funcionamento e adaptación ao medio que habitan.

A materia de **Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais** no Bacharelato permitirá que alumnos e alumnas consoliden os coñecementos e destrezas que lles permitan ser cidadáns e cidadás con respecto por si mesmos, cos demais e co medio, co material que utilizan ou que está ao seu dispor, responsables, capaces de ter criterios propios e de manter o interese por aprender e descubrir.

Por último, a materia de **Ciencias da Terra e do Medio Ambiente**, ten como eixe principal o uso que facemos as persoas dos recursos que nos ofrece o noso planeta, un planeta finito que "utilizamos" como se fose ilimitado. Debe ser un instrumento para a comprensión do mundo que nos rodea e debe, tamén, promover unha reflexión crítica acerca da problemática ambiental que leve o alumnado a exercer unha cidadanía con conciencia cívica responsable, inspirada en valores, actitudes e intereses que o leven a protexer e mellorar o medio natural e, consecuentemente, participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu contorno social.

2.2. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO EN RELACIÓN COAS MATERIAS DEPENDENTES DO DEPARTAMENTO

O IES Agra de Raíces, situado na localidade de Cee, conta cunha serie de **espazos imprescindibles** para o desenvolvemento das unidades didácticas das diferentes materias dependentes do departamento. Ademais das aulas ordinarias, contamos con: un laboratorio específico, con todo o material necesario para levar a cabo as prácticas de laboratorio, unha biblioteca con mesas amplas para a realización de traballos en grupo e varias aulas de informática para certas sesións de cada grupo.

2.3. NORMATIVA DE REFERENCIA

No presente curso as **fontes normativas de referencia** máis destacadas son:

- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relación entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
- Protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022, emitido o 20 de maio de 2022.

3. PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL

3.1. DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN DE XEITO PRESENCIAL

Nun escenario no que a actividade lectiva se desenvolva de xeito presencial, levarase a cabo seguindo a metodoloxía e a avaliación detallada no presente documento. De todas formas, fomentárase o uso da aula virtual para que o alumnado estea preparado no caso de que mude a situación.

3.2. DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN DE XEITO SEMIPRESENCIAL

No caso no que o desenvolvemento da actividade lectiva se leve a cabo de xeito semipresencial, utilizarase como ferramenta básica a aula virtual sobre outros soportes, como o correo electrónico, para rexistrar de xeito metódico todas as entregas de tarefas, resolución de actividades, visualización de vídeos, etc. por parte do alumnado. As actividades devolveranse corrixidas para que se poida garantir un seguimento persoal e individualizado do seu traballo. En función do grao de presencialidade, poderanse levar a cabo sesións explicativas mediante plataformas de videoconferencia e/ou subiranse vídeos explicativos á aula virtual. Con aquel alumnado con dificultades para acceder á aula virtual, estableceranse outras formas de comunicación: correo electrónico preferiblemente, ou por vía telefónica.

Procurarase que as probas escritas as realicen de xeito presencial, e reservaranse sesións previas a estas probas escritas para a resolución de dúbidas.

A avaliación do alumnado centrarase nos estándares de aprendizaxe mínimos que aparecen nas táboas de cada curso (epígrafe 7)

A comunicación co alumnado realizarase de xeito preferente mediante a aula virtual do centro, e no caso da comunicación coas familias levarase a cabo preferentemente mediante Abalar.

3.3. DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN DE XEITO NON PRESENCIAL

Nunha situación epidemiolóxica que obrigue a levar a cabo unha actividade lectiva non presencial, todo o desenvolvemento da mesma realizarase mediante a aula virtual do centro, na que estarán dispoñibles para o alumnado todas as actividades, os materiais e recursos didácticos e as probas escritas

Con aquel alumnado con dificultades para acceder á aula virtual, estableceranse outras formas de comunicación: correo electrónico preferiblemente, ou por vía telefónica. Unha vez feitas as actividades, o alumnado deberá proceder á súa entrega a través da aula virtual ou mediante correo electrónico. As actividades devolveranse corrixidas para que se poida garantir un seguemento persoal e individualizado do seu traballo. As clases levaranse a cabo en *streaming* mediante plataformas de videoconferencia. As clases por videoconferencia terán unha duración de 30 minutos.

A avaliación do alumnado centrarase nos estándares de aprendizaxe mínimos que aparecen nas táboas de cada curso (epígrafe 7)

A comunicación co alumnado realizarase de xeito preferente mediante a aula virtual do centro, e no caso da comunicación coas familias levarase a cabo preferentemente mediante Abalar.

3.4. SEGUIMIENTO DA PROGRAMACIÓN NUNHA SITUACIÓN DE ACTIVIDADE LECTIVA SEMIPRESENCIAL OU NON PRESENCIAL

Prorizaranse as reunións de departamento de xeito telemático, para minimizar o tempo no centro dos docentes deste departamento. Ademais, manterase unha liña de comunicación aberta mediante Whatsapp.

4. OBXECTIVOS

4.1. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

4.2. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA DO BACHARELATO

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

4.3. CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS POR CURSO

4.3.1. BIOLOXÍA E XEOLOXÍA DE 4º DA ESO

- Identificar as estruturas celulares básicas, recoñecendo as funcións que realizan nos principais tipos celulares.
- Recoñecer e formular os principios básicos da xenética mendeliana, empregándoos para resolver problemas prácticos de cruzamentos con un ou dous caracteres, doenzas hereditarias e doenzas ligadas ao sexo.
- Comprender e describir as principais técnicas de enxeñaría xenética, valorando de forma crítica as súas implicacións éticas e sociais, así como as súas posibles consecuencias medioambientais.
- Describir e comparar as principais teorías evolutivas, recoñecendo a importancia de mecanismos evolutivos como a mutación e a selección natural.
- Interpretar cortes xeolóxicos e mapas topográficos, resolvendo cuestións básicas de datación relativa e reconstruíndo algúns dos cambios máis notables que se produciron ao longo da historia da Terra.
- Identificar fenómenos xeolóxicos asociados ao movemento da litosfera, empregando a teoría da tectónica de placas para explicar a súa formación.
- Explicar o concepto de ecosistema e diferenciar os compoñentes que o forman.
- Identificar factores que poden desencadear desequilibrios nos ecosistemas, valorando os distintos tipos de relacións intraespecíficas e interespecíficas como mecanismos que permitan regular os mesmos.
- Valorar de forma crítica a influencia negativa das accións humanas sobre os ecosistemas e destacar a importancia da xestión sustentable dos recursos naturais.

- Aplicar correctamente o método científico na elaboración de traballos de investigación, respectando o traballo propio e alleo.

4.3.2. BIOLOXÍA DE 2º DE BACHARELATO

- Recoñecer e identificar os principais bioelementos e biomoléculas que constitúen a materia viva, relacionándoos coa súa función biolóxica.
 - Valorar a importancia fundamental das enzimas e das vitaminas como moléculas biocatalizadoras e para previr enfermidades.
 - Identificar as distintas estruturas celulares, recoñecendo as funcións que realizan nos principais tipos celulares.
 - Analizar as distintas fases do ciclo celular, distinguindo e diferenciando os tipos de división celular e desenvolvendo os acontecementos que teñen lugar en cada fase.
 - Explicar as principais rutas metabólicas da célula, tanto do catabolismo como do anabolismo, identificando as principais moléculas e encimas implicados nestes procesos.
 - Valorar a importancia dos procesos metabólicos, especialmente a da fotosíntese, para o mantemento da vida na Terra.
 - Distinguir as principais fases dos procesos de replicación, transcrición e tradución xenéticas, identificando estes mecanismos como necesarios para a expresión xénica.
 - Destacar a importancia das mutacións como mecanismo evolutivo, distinguindo os seus principais tipos e axentes mutaxénicos.
 - Comprender e describir as principais técnicas de enxeñaría xenética, valorando de forma crítica as súas implicacións éticas e sociais, así como as súas posibles consecuencias medioambientais.
 - Resolver problemas prácticos de xenética mendeliana sobre cruzamentos con un ou dous caracteres, doenzas hereditarias e doenzas ligadas ao sexo.
 - Describir e comparar as principais teorías evolutivas, recoñecendo a importancia de mecanismos evolutivos como a mutación e a selección natural e argumentando as principais evidencias que demostran o proceso evolutivo.

- Describir e clasificar os principais grupos de microorganismos, identificando a súa organización celular e características estruturais e funcionais, valorando o seu papel nos ciclos xeoquímicos e a súa importancia biotecnolóxica na industria alimentaria ou farmacéutica.
- Diferenciar os distintos tipos de resposta inmunitaria, así como os principais tipos celulares que a levan a cabo.
- Recoñecer e relacionar as disfuncións do sistema inmunolóxico con algunhas patoloxías frecuentes.

4.3.3. CIENCIAS DA TERRA E O MEDIOAMBIENTE DE 2º DE BACHARELATO

- Comprender o funcionamento da Terra e dos sistemas terrestres e as súas interaccións desde unha óptica sistémica, como fundamento para a interpretación das repercusións globais dalgúns feitos aparentemente locais e viceversa.
- Coñecer a influencia dos procesos xeolóxicos no medio natural e na vida humana.
- Avaliar as posibilidades de utilización dos recursos naturais, incluíndo as súas aplicacións, e recoñecer a existencia dos seus límites, valorando a necesidade de adaptar o uso á capacidade de renovación e aplicando aos problemas ambientais a óptica do desenvolvemento sustentable.
- Valorar o potencial ambiental xeolóxico, hidrolóxico e enerxético de Galicia no desenvolvemento sostible futuro da nosa comunidade.
- Analizar as causas que dan lugar a riscos naturais, coñecer os impactos derivados da explotación dos recursos e considerar diversas medidas de prevención e corrección.
- Investigar cientificamente os problemas ambientais, mediante técnicas variadas de tipo fisicoquímico, biolóxico, xeolóxico e matemático, e recoñecer a importancia dos aspectos históricos, sociolóxicos, económicos e culturais nos estudos sobre o medio natural.
- Coñecer e valorar a diversidade do patrimonio natural galego como un recurso sostible, esencial no devenir socioeconómico futuro da nosa comunidade .

- Coñecer a importancia da explotación de materias primas minerais no desenvolvemento tecnolóxico e social da Galicia do pasado e do presente.
- Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para realizar simulacións, tratar datos e extraer e utilizar información de diferentes fontes, avaliar o seu contido, fundamentar os traballos e realizar informes.
- Promover actitudes favorables ao respecto e á protección do medio natural, desenvolvendo a capacidade de valorar as actuacións sobre o contorno e tomar libremente iniciativas na súa defensa.

5. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A definición de competencia clave podería ser a capacidade de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversos, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas e van ter influencia non só nos contidos e na avaliación senón tamén na metodoloxía. O concepto de competencia inclúe tanto os saberes como as habilidades e as actitudes e vai máis alá do saber e do saber facer, incluíndo o saber ser ou estar.

Coas materias do currículo preténdese que todas as alumnas e os alumnos alcancen os obxectivos educativos e, consecuentemente, que adquiran as competencias clave. Con todo, non existe unha relación unívoca entre o ensino de determinadas materias e o desenvolvemento de certas competencias. Cada unha delas contribúe ao desenvolvemento de diferentes competencias e, pola súa vez, cada unha das competencias clave alcanzarase como consecuencia do traballo en varias materias.

O traballo nas materias do currículo para contribuír ao desenvolvemento das competencias clave débese complementar con diversas medidas organizativas e funcionais, imprescindibles para o seu desenvolvemento.

A descrición das relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato será a establecida de conformidade coa Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato. Para os efectos deste decreto, as competencias clave do currículo serán as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- Competencia dixital (CD)
- Aprender a aprender (CAA)
- Competencias sociais e cívicas (CSC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Potenciarase o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

5.1 RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS

5.1.1. BIOLOXÍA E XEOLOXÍA DE 4º DA ESO

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BXB1.2.1. Distingue os compoñentes do núcleo e a súa función segundo as etapas do ciclo celular. BXB1.19.1. Recoñece e describe as fases da hominización BXB2.5.1. Interpreta un mapa topográfico e fai perfís topográficos. BXB2.11.1. Relaciona os movementos das placas con procesos tectónicos. BXB3.1.2. Analiza as relacións entre biótomo e biocenose, e avalía a súa importancia para manter o equilibrio do ecosistema. BXB3.5.1. Recoñece os niveis tróficos e as súas relacións nos ecosistemas, e valora a súa importancia para a vida en xeral e o mantemento destas. BXB3.8.1. Argumenta sobre as actuacións humanas que teñen unha influencia negativa sobre os ecosistemas: contaminación, desertización, esgotamento de recursos, etc. BXB3.8.2. Defende e conclúe sobre posibles actuacións para a mellora ambiental e analiza desde distintos puntos de vista un problema ambiental do contorno próximo, elabora informes e preséntaos utilizando distintos medios BXB3.11.1. Destaca a importancia das enerxías renovables para o desenvolvemento sustentable do planeta. BXB4.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón. BXB4.3.1. Utiliza fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións. BXB4.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación na aula. BXB4.5.2. Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.	Comunicación lingüística CCL
BXB1.1.1. Compara a célula procariota e a eucariota, a animal e a vexetal, e recoñece a función dos orgánulos celulares e a relación entre morfoloxía e función. BXB1.3.1. Recoñece as partes dun cromosoma utilizándoo para construír un cariotipo.	

<p>BXB1.4.1. Recoñece as fases da mitose e meiose, diferencia ambos os procesos e distingue o seu significado biolóxico.</p> <p>BXB1.8.1. Recoñece e explica en que consisten as mutacións e os seus tipos.</p> <p>BXB1.9.1. Recoñece os principios básicos da xenética mendeliana e resolve problemas prácticos de cruzamentos con un ou dous caracteres.</p> <p>BXB1.11.1. Identifica as doenzas hereditarias máis frecuentes e o seu alcance social, e resolve problemas prácticos sobre doenzas hereditarias, utilizando árbores xenealóxicas.</p> <p>BXB1.12.1. Diferencia técnicas de traballo en enxeñaría xenética.</p> <p>BXB1.16.1. Distingue as características diferenciadoras entre lamarckismo, darwinismo e neodarwinismo.</p> <p>BXB1.19.1. Recoñece e describe as fases da hominización.</p> <p>BXB2.3.1. Discrimina os principais acontecementos xeolóxicos, climáticos e biolóxicos que tiveron lugar ao longo da historia da Terra, e recoñece algúns animais e plantas característicos de cada era.</p> <p>BXB2.5.1. Interpreta un mapa topográfico e fai perfís topográficos.</p> <p>BXB2.5.2. Resolve problemas sinxelos de datación relativa, aplicando os principios de superposición de estratos, superposición de procesos e correlación.</p> <p>BXB2.9.1. Coñece e explica razoadamente os movementos relativos das placas litosféricas.</p> <p>BXB2.10.1. Identifica as causas dos principais relevos terrestres.</p> <p>BXB3.1.1. Identifica o concepto de ecosistema e distingue os seus compoñentes.</p> <p>BXB3.3.1. Recoñece os factores ambientais que condicionan o desenvolvemento dos seres vivos nun ambiente determinado, e valora a súa importancia na conservación deste.</p> <p>BXB3.4.1. Recoñece e describe relacións e a súa influencia na regulación dos ecosistemas, interpretando casos prácticos en contextos reais.</p> <p>BXB3.8.2. Defende e conclúe sobre posibles actuacións para a mellora ambiental e analiza desde distintos puntos de vista un problema ambiental do contorno próximo, elabora informes e preséntaos utilizando distintos medios.</p> <p>BXB4.1.1. Integra e aplica as destrezas propias dos métodos da ciencia</p> <p>BXB4.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón</p> <p>BXB4.3.1. Utiliza fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.</p> <p>BXB4.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación na aula.</p>	<p>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía CMCCT</p>
<p>BXB1.1.2. Identifica tipos de células utilizando o microscopio óptico, micrografías e esquemas gráficos.</p> <p>BXB4.3.1. Utiliza fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.</p> <p>BXB4.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación na aula.</p>	<p>Competencia dixital CD</p>
<p>BXB1.1.1. Compara a célula procariota e a eucariota, a animal e a vexetal, e recoñece a función dos orgánulos celulares e a relación entre morfoloxía e función.</p> <p>BXB1.1.2. Identifica tipos de células utilizando o microscopio óptico, micrografías e esquemas gráficos.</p> <p>BXB1.2.1. Distingue os compoñentes do núcleo e a súa función segundo as etapas do ciclo celular.</p>	

BXB1.4.1. Recoñece as fases da mitose e meiose, diferencia ambos os procesos e distingue o seu significado biolóxico.

BXB1.5.1. Distingue os ácidos nucleicos e enumera os seus compoñentes.

BXB1.6.1. Recoñece a función do ADN como portador da información xenética, e relaciónao co concepto de xene.

BXB1.7.1. Ilustra os mecanismos da expresión xenética por medio do código xenético.

BXB1.8.1. Recoñece e explica en que consisten as mutacións e os seus tipos.

BXB1.9.1. Recoñece os principios básicos da xenética mendeliana e resolve problemas prácticos de cruzamentos con un ou dous caracteres.

BXB1.10.1. Resolve problemas prácticos sobre a herdanza do sexo e a ligada ao sexo.

BXB1.13.1. Describe as técnicas de clonación animal, distinguindo clonación terapéutica e reprodutiva.

BXB1.16.1. Distingue as características diferenciadoras entre lamarckismo, darwinismo e neodarwinismo.

BXB1.17.1. Establece a relación entre variabilidade xenética, adaptación e selección natural.

BXB1.18.1. Interpreta árbores filoxenéticas.

BXB2.1.1. Identifica e describe feitos que amosen a Terra como un planeta cambiante, e relaciónaos cos fenómenos que suceden na actualidade.

BXB2.2.1. Reconstrúe algúns cambios notables na Terra, mediante a utilización de modelos temporais a escala e recoñecendo as unidades temporais na historia xeolóxica.

BXB2.4.1. Relaciona algún dos fósiles guía máis característico coa súa era xeolóxica.

BXB2.6.1. Analiza e compara os modelos que explican a estrutura e a composición da Terra.

BXB2.7.1. Relaciona as características da estrutura interna da Terra e asóciaas cos fenómenos superficiais.

BXB2.8.1. Expresa algunhas evidencias actuais da deriva continental e da expansión do fondo oceánico.

BXB2.9.1. Coñece e explica razoadamente os movementos relativos das placas litosféricas.

BXB2.9.2. Interpreta as consecuencias dos movementos das placas no relevo.

BXB2.11.1. Relaciona os movementos das placas con procesos tectónicos.

BXB2.12.1. Interpreta a evolución do relevo baixo a influencia da dinámica externa e interna.

BXB3.1.2. Analiza as relacións entre biótopo e biocenose, e avalía a súa importancia para manter o equilibrio do ecosistema.

BXB3.2.1. Interpreta as adaptacións dos seres vivos a un ambiente determinado, relacionando a adaptación co factor ou os factores ambientais desencadeantes deste.

BXB3.3.1. Recoñece os factores ambientais que condicionan o desenvolvemento dos seres vivos nun ambiente determinado, e valora a súa importancia na conservación deste.

BXB3.5.1. Recoñece os niveis tróficos e as súas relacións nos ecosistemas, e valora a súa importancia para a vida en xeral e o mantemento destas.

BXB3.7.1. Establece a relación entre as transferencias de enerxía dos niveis tróficos e a súa eficiencia enerxética.

BXB3.8.2. Defende e conclúe sobre posibles actuacións para a mellora ambiental e analiza desde distintos puntos de vista un problema ambiental do contorno próximo, elabora informes e preséntaos utilizando distintos medios.

BXB3.10.1. Argumenta os proles e os contras da reciclaxe e da reutilización de recursos materiais.

BXB4.1.1. Integra e aplica as destrezas propias dos métodos da ciencia.

**Competencia de
aprender a aprender
CAA**

<p>BXB4.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.</p> <p>BXB4.3.1. Utiliza fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.</p> <p>BXB4.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.</p>	
<p>BXB1.11.1. Identifica as doenzas hereditarias máis frecuentes e o seu alcance social, e resolve problemas prácticos sobre doenzas hereditarias, utilizando árbores xenealóxicas.</p> <p>BXB1.13.1. Describe as técnicas de clonación animal, distinguindo clonación terapéutica e reprodutiva.</p> <p>BXB1.14.1. Analiza as implicacións éticas, sociais e ambientais da enxeñaría xenética.</p> <p>BXB1.15.1. Interpreta criticamente as consecuencias dos avances actuais no campo da biotecnoloxía.</p> <p>BXB3.2.1. Interpreta as adaptacións dos seres vivos a un ambiente determinado, relacionando a adaptación co factor ou os factores ambientais desencadeantes deste.</p> <p>BXB3.5.1. Recoñece os niveis tróficos e as súas relacións nos ecosistemas, e valora a súa importancia para a vida en xeral e o mantemento destas.</p> <p>BXB3.6.1. Compara as consecuencias prácticas na xestión sustentable dalgúns recursos por parte do ser humano, e valora criticamente a súa importancia.</p> <p>BXB3.8.1. Argumenta sobre as actuacións humanas que teñen unha influencia negativa sobre os ecosistemas: contaminación, desertización, esgotamento de recursos, etc.</p> <p>BXB3.9.1. Describe os procesos de tratamento de residuos, e valora criticamente a súa recollida selectiva.</p> <p>BXB3.10.1. Argumenta os proles e os contras da reciclaxe e da reutilización de recursos materiais.</p> <p>BXB3.11.1. Destaca a importancia das enerxías renovables para o desenvolvemento sustentable do planeta.</p> <p>BXB4.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.</p>	<p>Competencias sociais e cívicas CSC</p>
<p>BXB1.5.1. Distingue os ácidos nucleicos e enumera os seus compoñentes.</p> <p>BXB1.7.1. Ilustra os mecanismos da expresión xenética por medio do código xenético.</p> <p>BXB1.10.1. Resolve problemas prácticos sobre a herdanza do sexo e a ligada ao sexo.</p> <p>BXB1.12.1. Diferencia técnicas de traballo en enxeñaría xenética.</p> <p>BXB1.13.1. Describe as técnicas de clonación animal, distinguindo clonación terapéutica e reprodutiva.</p> <p>BXB1.14.1. Analiza as implicacións éticas, sociais e ambientais da enxeñaría xenética.</p> <p>BXB2.2.1. Reconstrúe algúns cambios notables na Terra, mediante a utilización de modelos temporais a escala e recoñecendo as unidades temporais na historia xeolóxica.</p> <p>BXB2.7.1. Relaciona as características da estrutura interna da Terra e asóciaas cos fenómenos superficiais.</p> <p>BXB3.1.2. Analiza as relacións entre biótomo e biocenose, e avalía a súa importancia para manter o equilibrio do ecosistema.</p> <p>BXB3.9.1. Describe os procesos de tratamento de residuos, e valora criticamente a súa recollida selectiva.</p> <p>BXB4.1.1. Integra e aplica as destrezas propias dos métodos da ciencia</p> <p>BXB4.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.</p> <p>BXB4.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación na aula.</p>	<p>Sentido de iniciativa e espírito empresedor CSIEE</p>

<p>BXB1.9.1. Recoñece os principios básicos da xenética mendeliana e resolve problemas prácticos de cruzamentos con un ou dous caracteres.</p> <p>BXB3.6.1. Compara as consecuencias prácticas na xestión sustentable dalgúns recursos por parte do ser humano, e valora criticamente a súa importancia.</p> <p>BXB3.8.1. Argumenta sobre as actuacións humanas que teñen unha influencia negativa sobre os ecosistemas: contaminación, desertización, esgotamento de recursos, etc.</p>	<p>Conciencia e expresións culturais CCEC</p>
--	--

5.1.2. BIOLOXÍA DE 2º DE BACHARELATO

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<p>BB1.5.1. Describe a composición e a función das principais biomoléculas orgánicas.</p> <p>BB2.3.1. Identifica as fases do ciclo celular, e explica os principais procesos que acontecen en cada unha.</p> <p>BB2.5.1. Resume a relación da meiose coa reprodución sexual, o aumento da variabilidade xenética e a posibilidade de evolución das especies.</p> <p>BB2.6.1. Compara e distingue os tipos e os subtipos de transporte a través das membranas, e explica detalladamente as características de cada un.</p> <p>BB2.7.1. Define e interpreta os procesos catabólicos e os anabólicos, así como os intercambios enerxéticos asociados a eles.</p> <p>BB3.1.1. Describe a estrutura e a composición química do ADN, e recoñece a súa importancia biolóxica como molécula responsable do almacenamento, a conservación e a transmisión da información xenética.</p> <p>BB3.6.1. Describe o concepto de mutación e establece a súa relación cos fallos na transmisión da información xenética.</p> <p>BB3.11.1. Argumenta evidencias que demostran o feito evolutivo.</p> <p>BB4.4.1. Recoñece e explica o papel fundamental dos microorganismos nos ciclos xeoquímicos.</p> <p>BB5.2.1. Describe as características e os métodos de acción das células implicadas na resposta inmune.</p> <p>BB5.4.1. Define os conceptos de antíxeno e de anticorpo, e recoñece a estrutura e a composición química dos anticorpos.</p> <p>BB5.7.1. Resume as principais alteracións e disfuncións do sistema inmunitario, e analiza as diferenzas entre alerxias e inmunodeficiencias.</p> <p>BB5.8.1. Describe o ciclo de desenvolvemento do VIH.</p>	<p>Comunicación lingüística CCL</p>
<p>BB1.1. Describe técnicas instrumentais e métodos físicos e químicos que permiten o illamento das moléculas e a súa contribución ao grande avance da experimentación biolóxica.</p> <p>BB1.1.3. Discrimina os enlaces químicos que permiten a formación de moléculas inorgánicas e orgánicas presentes nos seres vivos.</p>	

BB1.2.2. Distingue os tipos de sales minerais, e relaciona a composición coa función.

BB1.2.3. Contrasta e realiza experiencias dos procesos de difusión, osmose e diálise, e interpreta a súa relación coa concentración salina das células.

BB1.3.2. Deseña e realiza experiencias identificando en mostras biolóxicas a presenza de moléculas orgánicas.

BB1.3.3. Contrasta e relaciona os procesos de diálise, centrifugación e electroforese, e interpreta a súa relación coas biomoléculas orgánicas.

BB1.4.1. Identifica os monómeros e distingue os enlaces químicos que permiten a síntese das macromoléculas: enlaces O-glicosídico, enlace éster, enlace peptídico e enlace O-nucleosídico.

BB1.6.1. Contrasta o papel fundamental dos encimas como biocatalizadores, e relaciona as súas propiedades coa súa función catalítica

BB2.1.1. Compara unha célula procariota con unha eucariótica, e identifica os orgánulos citoplasmático presentes nelas.

BB2.4.1. Recoñece en microfotografías e esquemas as fases da mitose e da meiose, e indica os acontecementos básicos que se producen en cada unha.

BB2.5.1. Resume a relación da meiose coa reprodución sexual, o aumento da variabilidade xenética e a posibilidade de evolución das especies.

BB2.8.1. Sitúa, a nivel celular e a nivel de orgánulo, o lugar onde se produce cada un destes procesos, e diferencia en cada caso as rutas principais de degradación e de síntese, e os encimas e as moléculas máis importantes responsables dos devanditos procesos.

BB2.9.1. Contrasta as vías aeróbicas e anaeróbicas, e establece a súa relación co seu rendemento enerxético.

BB3.2.1. Diferencia as etapas da replicación e identifica os encimas implicados nela.

BB3.3.1. Establece a relación do ADN co proceso da síntese de proteínas.

BB3.4.2. Recoñece e indica as características fundamentais do código xenético, e aplica ese coñecemento á resolución de problemas de xenética molecular.

BB3.5.1. Interpreta e explica esquemas dos procesos de replicación, transcrición e tradución.

BB3.5.2. Resolve exercicios prácticos de replicación, transcrición e tradución, e de aplicación do código xenético.

BB3.10.1. Analiza e predí aplicando os principios da xenética mendeliana, os resultados de exercicios de transmisión de caracteres autosómicos, caracteres ligados ao sexo e influídos polo sexo.

BB3.13.1. Distingue os factores que inflúen nas frecuencias xénicas

BB3.13.2. Comprende e aplica modelos de estudo das frecuencias xénicas na investigación privada e en modelos teóricos.

BB4.3.1. Describe técnicas instrumentais que permiten o illamento, o cultivo e o estudo dos microorganismos para a experimentación biolóxica

**Competencia
matemática e
competencias
básicas en ciencia e
tecnoloxía
CMCCT**

<p>BB4.4.1. Recoñece e explica o papel fundamental dos microorganismos nos ciclos xeoquímicos.</p> <p>BB4.6.1. Analiza a intervención dos microorganismos en numerosos procesos naturais e industriais, e as súas numerosas aplicacións</p> <p>BB4.6.2. Recoñece e identifica os tipos de microorganismos implicados en procesos fermentativos de interese industrial.</p> <p>BB4.6.3. Valora as aplicacións da biotecnoloxía e a enxeñaría xenética na obtención de produtos farmacéuticos, en medicina e en biorremediación, para o mantemento e a mellora do medio.</p>	
O desenvolvemento dos contidos vaise facer, cunha perspectiva globalizadora, lóxica, sistemática e interdisciplinar, a través de actividades amplas e globais que faciliten a comprensión e interiorización dos contidos, ao tempo que estimulan o emprego, comprensión e interpretación da linguaxe verbal e a linguaxe icónica.

As actividades e procedementos estarán adaptadas aos obxectivos do currículo e ás capacidades reais do alumnado. A organización dos procedementos seguirá a secuencia das fases do procedemento científico: planificación, investigación, interpretación e aprendizaxe, e comunicación de resultados.

7.2. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS XERAIS NO BACHARELATO

A metodoloxía adecuada para desenvolver o bacharelato é aquela que potencia a capacidade do alumnado para a autoaprendizaxe, traballar en equipo, aplicar métodos adecuados de investigación e para que chegue a comprender a conexión entre os coñecementos teóricos e as súas aplicacións prácticas. O enfoque metodolóxico debe contribuír a desenvolver o currículo desde a perspectiva da finalidade e características da materia, así como asegurar a coherencia entre os valores que promove e os que se poñan en práctica no proceso educativo.

Nun contexto de cambio permanente, para desenvolver a **competencia científica** no alumnado e capacitálo para construír e aplicar os coñecementos de forma autónoma, creativa, responsable e crítica –tanto no plano persoal da vida cotiá como no social da participación cidadá- será necesario conxugar o saber facer do profesorado cas achegas da investigación sobre a construción do coñecemento e dos valores, da didáctica das ciencias e da tecnoloxía e dos estudos sobre as avaliacións internacionais.

Os centros docentes implementarán metodoloxías que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as súas características individuais e/ou estilos de aprendizaxe, co fin de conseguir que todo o alumnado acade o máximo desenvolvemento das súas capacidades. Así mesmo, estas metodoloxías deberán favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e promover o traballo en equipo, e para aplicar métodos de investigación apropiados.

A metodoloxía que se utilice no bacharelato favorecerá o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido.

A consellería con competencias en materia de educación promoverá as medidas necesarias para que as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, a expresión escrita e a capacidade de se expresar correctamente en público se traballen polo

profesorado en todas as materias. O alumnado de bacharelato debe adquirir, ademais, un manexo adecuado da información en diferentes soportes e procedente de distintas fontes, incluída a biblioteca escolar, en liña co concepto de alfabetizacións múltiples.

Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares nas materias lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

A acción titorial e a orientación educativa e profesional terán un papel relevante nesta etapa. O/a profesor/a titor/a coordinará a intervención educativa do equipo docente e manterá unha relación permanente cos pais, coas nais ou cos titores e coas titoras legais, co fin de garantir o exercicio dos dereitos do alumnado.

Utilizamos **liñas metodolóxicas** xerais que procuran:

- O impulso da autonomía persoal:
- Crear na aula un clima que favoreza as aprendizaxes significativas, que desenvolva o interese pola materia e os seus estudos posteriores, que permita a interacción e o intercambio na aula.
- Presentar propostas de traballo integradoras que transcendan os ámbitos disciplinares e teñan en conta as distintas dimensións das controversias de actualidade, relacionando os contidos científicos e tecnolóxicos cos problemas sociais, políticos e éticos en que están inmersos.
- Propiciar unha aprendizaxe significativa que reconstrúa os modelos e esquemas de pensamento do alumnado, coa axuda dos procedementos da ciencia involucrada, e que permita realizar a transferencia de coñecemento para interpretar ou aplicar a outras situacións ou contextos da vida real.
- Fomentar a autonomía, iniciativa persoal, creatividade e a competencia de aprender a aprender a través da planificación, realización e avaliación de deseños experimentais por parte do alumnado, incluíndo a incorporación das TIC co obxectivo de favorecer unha visión máis actual da actividade tecnolóxica e científica.

7.3. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Potenciarase o uso dunha gran variedade de recursos como medios audiovisuais; conferencias relacionadas cos contidos traballados na clase; recursos proporcionados por museos, fábricas, prensa, etc. A programación das actividades de ensino - aprendizaxe que se levaran a cabo na aula, terá en conta que material será o mais axeitado para transmitir os contidos e alcanzar os obxectivos que pretendemos.

A utilización do libro de texto é moi importante na relación educativa da aula, pero teremos que evitar telo como único material, procurando así unificar o coñecemento.

En concordancia co avance da tecnoloxía e a informática, pouco a pouco, cada vez irán tendo máis peso as actividades mediante o ordenador, baixo unha plataforma coma **Moodle**, co fin de que a realización, corrección e avaliación dos contidos, sexa cada vez máis obxectiva. Neste sentido, cabe destacar o uso do libro dixital a través da plataforma **Edixgal** na etapa da ESO.

- Material para tratar diversos tipos de contidos: Mapas, atlas, dicionarios, carpetas, fichas, cadernos de traballo, murais, material de laboratorio, maquetas, bloques lóxicos, dossiers elaborados polos alumnos, etc.
- Material de ampliación e investigación: Bibliotecas temáticas, acuarios, terrarios, dossiers, fichas autocorrectivas, material de impresión, etc.
- Material Lúdico: Xogos de estratexia e simulación, xogos didácticos, etc.
- Material audiovisual e informático: Fomentarse a utilización, uso e aplicación na avaliación das TICs, o uso da Aula Virtual, aplicada sobre a plataforma **Moodle**, será constante e cada vez máis importante á hora de traballar/avaliar ós rapaces. Tamén se utilizarán diapositivas, vídeos, programas de ordenador, discos, etc. Así mesmo, as webs para o alumnado e profesorado contarán cunha serie de ferramentas e recursos imprescindibles para levar a cabo o proceso de ensino-aprendizaxe.

En canto aos libros de texto que se utilizan no presente curso, son os seguintes:

TÍTULO	CURSO	EDITORIAL	IDIOMA	ISBN
Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais	1º Bacharelato	McGraw-Hill	Galego	978-84-486-3263-2
Anatomía Aplicada	1º Bacharelato	Vicens Vives	Galego	978-84-682-5135-6
Bioloxía	2º Bacharelato	Anaya	Galego	978-84-698-1355-3
Ciencias de la Tierra y Medioambientales	2º Bacharelato	McGraw-Hill	Castelán	978-84-486-0939-9

Dado que no centro contamos co proxecto **Edixgal**, en toda a etapa da ESO non se empregan libros de texto en formato papel, agás os cadernos de inglés e francés.

8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

8.1. BIOLOXÍA E XEOLOXÍA DE 4º DE ESO

Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación serán os establecidos no decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Instrumentos e procedementos de avaliación

Para levar a cabo a avaliación, imos a utilizar diversos instrumentos e procedementos de recollida de información que inclúen:

- **Observación do traballo diario:** Resumes, resolución de exercicios no encerado, preguntas sobre cuestións relacionadas co tema que se estea explicando... Valorarase tamén a actitude de traballo e interese cara á materia: a atención ás explicacións e ás preguntas e debates na clase, o esforzo e constancia, etc.
- **Actividades:** Ao longo do curso serán plantexados diversos problemas, exercicios, debates e traballos que deberán ser elaborados polo alumnado, tanto de forma individual como en grupo. Terase en conta o proceso de busca de información, a presentación axeitada (limpeza, expresión ordenada, marxes, titulacións correctas) e a elaboración de conclusións. A posta ao día rexistrarase habitualmente comprobando se os alumnos van realizando as tarefas indicadas tanto para clase como para casa.
- **Probas escritas:** realizaranse preguntas curtas sobre o tema, traballos con debuxos e esquemas, definicións, actividades de razonamento, preguntas tipo test, etc. sempre de acordo co explicado na clase e segundo os estándares de aprendizaxe establecidos no Decreto. Deberanse coidar aspectos como a presentación, a caligrafía, a ortografía e moi especialmente a expresión nas contestacións; e en caso de que estes aspectos sexan recorrentemente descoidados por parte do alumno, poderanse aplicar penalizacións na calificación das probas

A cualificación será a suma ponderada das medias dos resultados do alumnado nos diferentes instrumentos de avaliación empregados.

Criterios de cualificación

- **10% Actividades:** A entrega das actividades propostas (valorado co 10% da nota) é **obligatoria**. Así mesmo, tódolos traballos, actividades e exercicios deberán ser correctamente entregados en tempo e forma, valorándose aspectos como a redación, correcta procura da información, axeitada presentación e elaboración de conclusións, etc.
- **10% Traballo diario:** Observación sistemática na aula sobre os aspectos nomeados anteriormente.
- **80% Proba escrita:** A cualificación das probas escritas obtense mediante a media aritmética das dúas probas realizadas no trimestre. **O alumnado deberá acadar como mínimo un 3,5 en cada proba** para facer media entre as dúas. No caso de que non cheguen a un 3,5 deberán repetir a primeira proba xunto coa segunda, garantindo así unha avaliación continua.

A nota de cada avaliación será a media ponderada do resultado dos exames, das actividades e da traballo global do alumno/a, co seguinte peso para cada unha destas partes: **80% exames, 10% actividades e 10% traballo diario**. A avaliación final ordinaria será a media das tres avaliacións.

Organización de actividades de seguimento e recuperación

Os alumnos e alumnas deberán obter una calificación **igual o superior a 5** en cada avaliación. O alumnado que teña **unha avaliación non superada** poderá recuperala a comezos da seguinte (e a finais do terceiro trimestre no caso da terceira avaliación) mediante unha proba escrita, obtendo como mínimo unha cualificación de 5 puntos.

Avaliación ordinaria: o período comprendido entre a 3ª avaliación parcial e a avaliación final adicarase a realizar actividades de apoio, reforzo, ampliación e tutoría. Así, o alumnado que teña partes da materia sen superar, poderá contar cunha **proba de recuperación final**, ademais das realizadas durante as avaliacións, dirixida unicamente a aqueles alumnos e alumnas que lles quede por superar algunha ou a totalidade das mesmas, debendo superar cada avaliación cun 5 para obter unha cualificación positiva na materia.

Promoción do alumnado

- Para a superación da materia, a cualificación debe ser **igual ou superior a 5** en cada unha das tres avaliacións
- A cualificación da **avaliación final ordinaria** calcularase mediante a media aritmética das obtidas nas 3 avaliacións.
- O alumnado terá **superada a materia** se a nota é superior a **5**.

8.2. BIOLOXÍA DE 2º DE BACHARELATO

Instrumentos e procedementos de avaliación

- **Probas escritas:** Realizaranse varias probas escritas por avaliación. Ditas probas estarán compostas por preguntas curtas, preguntas a desenvolver, preguntas de tipo verdadeiro ou falso, preguntas de elaborar frases, etc. Serán cuestións semellantes ás que se realizan na proba de Selectividade, pero sen ningún tipo de opcionalidade. Terase en conta o emprego dunha linguaxe científica axeitada, tanto en clase como nas probas escritas. Tamén se deberán coidar aspectos como a presentación, a caligrafía, a ortografía e moi especialmente a expresión nas contestacións; e en caso de que estes aspectos sexan recorrentemente descoidados por parte do alumno, poderanse aplicar penalizacións na calificación das probas.
- **Cuestionarios:** Por cada avaliación deberá ser entregado sempre antes da data fixada e preferentemente a través de medios telemáticos (aula virtual), un cuestionario formado por dez preguntas. Ditas cuestións serán semellantes ás realizadas nas probas escritas do curso e ás que habitualmente preguntan na proba de Selectividade. Vaise a prestar moita atención na corrección á redacción, caligrafía, ortografía e ao emprego dunha linguaxe científica axeitada.
- **Asistencia a clase:** as normas serán as incluídas no Regulamento de Réxime Interno do centro.

Criterios de cualificación

A cualificación final de cada avaliación calcularase en base ás seguintes porcentaxes:

- **90% Probas escritas:** A cualificación das probas escritas obtense mediante a media aritmética de todas as probas realizadas no trimestre. A media de todas as probas terá que ser **igual ou superior a 5** para ponderar co resto de notas da avaliación.
- **10% Cuestionario:** A entrega dun cuestionario por avaliación é **obligatoria** e sempre no prazo establecido. Dita entrega realizarase preferentemente mediante medios telemáticos (a través da plataforma Moodle). O cuestionario estará formado por 10 preguntas que versarán sobre cuestións que normalmente aparecen na proba de Selectividade.

Organización de actividades de seguimento e recuperación

Os alumnos e alumnas deberán obter una cualificación **igual o superior a 5** en cada avaliación. O alumnado que teña **unha avaliación non superada** poderá recuperala a comezos da seguinte mediante unha proba escrita. Nas recuperacións das avaliacións, só se van a considerar dous tipos de cualificacións, apto ou non apto. No caso de apto, e para a obtención da media final do curso, computará con un valor de 5. A cualificación de non apto, implicará que se manterán as notas anteriores á realización da recuperación.

Avaliación ordinaria: o alumnado poderá contar cunha **proba de recuperación final**, ademais das realizadas durante as avaliacións, dirixida unicamente a aqueles alumnos e alumnas que lles quede por superar algunha ou a totalidade das mesmas, debendo superar cada avaliación cun 5 para obter unha cualificación positiva na materia.

Avaliación extraordinaria: na avaliación extraordinaria, o alumnado que non superase a materia, realizará unha proba escrita de recuperación da totalidade da materia, que suporá o 100% da nota, sendo preciso obter un mínimo de 5 puntos para poder superar a materia.

Promoción do alumnado

- Para a superación da materia, a cualificación debe ser **igual ou superior a 5** en cada unha das tres avaliacións
- A cualificación da **avaliación final ordinaria** calcularase mediante a media aritmética das obtidas nas 3 avaliacións.
- O alumnado terá **superada a materia** se a nota é superior a **5**.

8.3. CIENCIAS DA TERRA E DO MEDIO AMBIENTE DE 2º DE BACHARELATO

Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación serán os establecidos no decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Instrumentos e procedementos de avaliación

- **Probas escritas:** Realizaranse dúas probas escritas por cada trimestre. Ditas probas estarán compostas por actividades escritas, preguntas e cuestións obxectivas. Terase en conta o emprego dunha linguaxe científica axeitada, tanto en clase como nas probas escritas. Tamén se deberán coidar aspectos como a presentación, a caligrafía, a ortografía e moi especialmente a expresión nas contestacións; e en caso de que estes aspectos sexan recorrentemente descoidados por parte do alumno, poderanse aplicar penalizacións na calificación das probas.
- **Realización de tarefas e actividades:** Por cada avaliación serán plantexados problemas, exercicios, debates e traballos que deberán ser elaborados polo alumnado, tanto de forma individual como en grupo. Terase en conta o proceso de busca de información, a presentación axeitada e a elaboración de conclusións. Vaise a prestar moita atención á corrección na redación, caligrafía, ortografía e ao emprego dunha linguaxe científica apropiada.

- **Comportamento e actitude do alumnado:** Realizarase unha observación do comportamento e actitude do alumnado cara a materia e o traballo, incluíndo a participación, asistencia e atención en clase.

Criterios de cualificación

A cualificación final de cada avaliación calcularase en base ás seguintes porcentaxes:

- **80% Probas escritas:** A cualificación das probas escritas obtense mediante a media aritmética das dúas probas realizadas no trimestre. **O alumnado deberá acadar como mínimo un 4 en cada proba** para facer media entre as dúas. No caso de que non cheguen a un 4, deberán repetir a primeira proba xunto coa segunda, garantindo así unha avaliación continua.
- **10% Actividades:** Os traballos, actividades e exercicios deberán ser correctamente entregados en tempo e forma, valorándose aspectos como a redación, correcta procura da información, axeitada presentación e elaboración de conclusións, etc.
- **10% Actitude, comportamento e participación en clase:** Serán valoradas positivamente as actitudes de cooperación, solidariedade, capacidade de autocrítica, etc. Realizarase unha observación do alumnado, incluíndo a recollida das súas opinións e percepcións, atención e participación en clase, asistencia a clase, actitude cara os compañeiros/as e o profesor e actitude de traballo no laboratorio, biblioteca, aula de informática, etc.

A nota de cada avaliación será a media ponderada do resultado dos exames, das actividades e da actitude global do alumno/a, co seguinte peso para cada unha destas partes: **80% exames, 10% actividades e 10% actitude e comportamento**. A avaliación final ordinaria será a media das tres avaliacións.

Organización de actividades de seguimento e recuperación

Os alumnos e alumnas deberán obter una calificación **igual o superior a 5** en cada avaliación. O alumnado que teña **unha avaliación non superada** poderá recuperala a comezos da seguinte mediante unha proba escrita.

Promoción do alumnado

- Para a superación da materia, a cualificación debe ser **igual ou superior a 5** en cada unha das tres avaliacións
- A cualificación da **avaliación final ordinaria** calcularase mediante a media aritmética das obtidas nas 3 avaliacións.
- O alumnado terá **superada a materia** se a nota é superior a **5**.

9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

O procedemento para recuperar unha materia pendente do departamento de Ciencias Naturais consta das seguintes fases:

1. Resolución e entrega do **primeiro caderno de actividades**. Dita entrega realizarase preferentemente mediante medios telemáticos (a través da plataforma Moodle) antes da data do primeiro exame. Este boletín estará formado por numerosas actividades variadas (de relacionar, preguntas curtas, esquemas para completar, verdadeiro ou falso...) que abarcan os primeiros temas da programación e que se resolverán traballando cos materiais e/ou o caderno de clase do curso anterior.
2. **Primeira proba parcial (xaneiro)**. Esta proba escrita estará constituída por actividades do primeiro caderno.
3. Resolución e entrega do **segundo caderno de actividades**. Dita entrega realizarase preferentemente mediante medios telemáticos (a través da plataforma Moodle) antes da data do segundo exame. Este boletín tamén estará formado por numerosas actividades variadas (de relacionar, preguntas curtas, esquemas para completar, verdadeiro ou falso...) que abarcarán os temas non incluídos na primeira entrega e que se resolverán traballando cos materiais e/ou o caderno de clase do curso anterior.
4. **Segunda proba parcial (abril)**. Esta proba escrita estará constituída por actividades do segundo caderno.

A ponderación seguida para determinar a nota final será a seguinte:

- **60% da nota** correspondente á media das **probas**.

- **40% da nota** correspondente á realización dos **boletíns** (ben feitos). No caso de que haxa alumnos que non entreguen ese traballo no seu momento, perderán a posibilidade de aprobar a materia por parciais.

5. **Proba escrita da totalidade da materia (maio)**. Esta proba escrita estará constituída por actividades do primeiro e do segundo caderno e suporá o 100% da nota. Será realizada por aquel alumnado que non acadara unha cualificación positiva anteriormente ou que non entregara os boletíns de actividades. É necesario sacar, como mínimo, unha **cualificación de 5** para aprobar.

10. ORGANIZACIÓN DE PROCEDIMENTOS PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS PREVIOS (BACH.)

No caso de que algún alumno ou alumna queira cursar a materia de Bioloxía de 2º de Bacharelato sen ter cursado a materia de Bioloxía e Xeoloxía de 1º de Bacharelato pode elixir entre levar a materia de 1º de Bacharelato como pendente ou superar unha proba de coñecementos previos que versaría sobre os seguintes puntos: Características diferenciais dos seres vivos. Conceptos de bioelementos e biomoléculas. A auga e os sales minerais. Importancia biolóxica. Os glúcidos e os lípidos. Características, tipos e funcións. As proteínas. Características e funcións. Proteínas encimáticas: funcionamento e propiedades. Os ácidos nucleicos. A teoría celular. A célula como unidade estrutural: as células animal e vexetal e os seus orgánulos. Concepto de metabolismo. Anabolismo e catabolismo. O intercambio material e a obtención de alimento polas células: fotosíntese e dixestión celular. A obtención de enerxía: respiración celular e fermentacións. As bacterias e os virus. A orixe das primeiras células. A multiplicación celular. Mitose e citocinese. A meiose e as súas consecuencias. A data límite para a realización desta acreditación será antes do inicio das actividades lectivas.

11. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Indicadores de Logro	
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.	
2. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.	
3. Fomento o respecto e a colaboración entre os alumnos e acepto as súas aportacións	
4. Distribúo o tempo axeitadamente	
5. Utilizo recursos didácticos variados para a presentación de contidos e para a práctica dos alumnos	
6. Sigo o libro de texto ou material de elaboración propia como fonte de coñecemento e eixe da programación	
7. A metodoloxía é activa: proxectos, traballos colaborativos, ...	
8. Reviso e actualizo a programación coas melloras introducidas durante o curso	
9. Deseño os meus propios instrumentos de avaliación	
10. Empleo ferramentas informáticas para obter as cualificacións e niveis competenciais	

11. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.	
12. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.	
13. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.	
14. Adáptanse as probas de avaliación ás necesidades do alumnado con NEE	
15. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.	
16. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.	
17. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.	
18. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.	
19. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.	
20. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.	
21. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.	
ESCALA: 1 Pouco, 2 Ás veces, 3 Case sempre, 4 Sempre	

12. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

A avaliación inicial permítenos coñecer e valorar o punto de partida do estudante e así atopar as dificultades de aprendizaxe dos discentes e as súas carencias, para así adoptar posteriormente as medidas de reforzo educativo que se consideren máis axeitadas.

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias e contidos necesarios para afrontar as materias. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como o seu coñecemento das destrezas da materia así como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados de dita proba daranse a coñecer á xefatura de estudos que, xunto co Departamento de Orientación levarán a cabo as medidas pertinentes.

13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E DIFICULTADES DERIVADAS DA FENDA DIXITAL

13.1. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NA ESO

A educación secundaria obrigatoria organízase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade. As medidas de atención á diversidade nesta etapa estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias básicas e dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lles impida alcanzar os devanditos obxectivos e a titulación correspondente. Teranse en conta as dificultades específicas das rapazas que por razón de xénero e pertenza a determinados colectivos teñan dificultades especiais para rematar a etapa.

Non se propón un currículo especial para os alumnos con necesidades educativas especiais, senón o mesmo currículo común, adaptado as necesidades de cada un. Pretendese que este alumnado acade, dentro do único e mesmo sistema educativo, os obxectivos xerais establecidos para todo o alumnado.

Para atender á diversidade, dispónse de dous tipos de vías ou medidas: medidas ordinarias ou habituais e medidas específicas ou extraordinarias. As medidas específicas son unha parte importante da atención á diversidade, pero deben ter un carácter subsidiario. As primeiras e máis importantes estratexias para a atención á diversidade adoptaranse no marco de cada centro e de cada aula concreta.

As **medidas de atención á diversidade son de dous tipos:**

- **Non significativas:**

- A adaptación da metodoloxía didáctica.
- Os agrupamentos.
- A optatividade.
- A orientación educativa e a integración escolar.

- **Significativas:**

- As adaptacións curriculares.

Atención á diversidade nas actividades:

- A categorización das actividades posibilita tamén atender a diversidade dos alumnos/as. As actividades que atenden ós feitos e conceptos de cada unidade son a base da aprendizaxe e, polo tanto, constitúen o mínimo imprescindible para o aproveitamento dos temas.
- Os problemas son actividades de maior complexidade cás anteriores. Estas actividades esixen, en xeral a aplicación do coñecemento de feitos e conceptos do tema e, polo tanto, esixen que se realicen un maior esforzo por parte do alumnado.
- As actividades para organizar o coñecemento representa unha valiosa axuda para os alumnos/as con dificultades.

Atención á diversidade nos materiais utilizados:

- A selección dos materiais utilizados na aula ten tamén unha grande importancia á hora de atender as diferencias individuais no conxunto dos alumnos/as.
- Como material esencial debe considerarse o libro base. O uso de materiais de reforzo ou ampliación, tales coma os cadernos monográficos, permite atender a diversidade segundo os obxectivos que nos queiramos fixar.
- Xa que logo, estableceremos unha serie de obxectivos que persigan a atención ás diferencias individuais dos alumnos/as e seleccionaremos os materiais curriculares complementarios que nos axuden a acadar eses obxectivos.

13.2. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NO BACHARELATO

O tratamento da diversidade no Bacharelato vén dado pola mesma natureza e organización do currículo desta etapa educativa, na que os alumnos e as alumnas optan primeiro por unha das catro modalidades previstas e, despois, dentro da modalidade elixida, deben escoller entre un abano de materias optativas.

Por outra parte, o tratamento da diversidade no Bacharelato non pode ter a mesma consideración que nas etapas educativas obrigatorias, onde se debe asegurar a todo o alumnado a consecución do dereito a unha educación básica, de acordo coa Constitución española e a propia LOE.

Sen embargo, non podemos negar a existencia de estudantes que manifestan dificultades e doutros que progresan con maior rapidez que os seus compañeiros e que, de igual maneira, necesitan unha resposta educativa que lles permita progresar segundo as súas posibilidades.

En calquera caso, a atención á diversidade é algo que se realiza dentro da aula, que forma parte do último banzo do proceso de concreción curricular, isto é, a programación da aula; é o profesor ou a profesora, en cada caso concreto, o que debe plasmala en estratexias concretas, vista a realidade dos alumnos e as alumnas que ten diante e os seus distintos ritmos de aprendizaxe, intereses e coñecementos previos.

Nese tratamento da diversidade, os materiais curriculares son só un elemento que o profesorado adaptará ás circunstancias precisas. Así, o noso Proxecto de Bioloxía e Xeoloxía para o primeiro curso de Bacharelato ofrece materiais para que, cada profesor ou profesora na súa aula os seleccione, ordene e distribúa na forma que lle resulte conveniente.

14. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Os elementos transversais e valores son áreas do coñecemento que non corresponden ás áreas epistemolóxicas tradicionais, senón que están integradas por contidos de gran importancia social, entre os que destacan fundamentalmente as actitudes, que deben ser tidos en conta e desenvolvidos diacronicamente ó longo da vida escolar.

Os elementos transversais impregnan o currículo e deben ser incorporados de xeito coherente como contidos educativos, favorecendo o discurso argumental da área da que se trate.

Ademais do seu forte contido en valores, os elementos transversais teñen un marcado carácter funcional, ao mesmo tempo que son obxecto dunha gran demanda social. Así, favorecen o desenvolvemento integral dos alumnos e das alumnas e a súa integración como elementos responsables e con capacidade de decisión nunha sociedade libre e democrática.

En todos os cursos, imos fomentar os seguintes elementos transversais:

Educación para a convivencia

Persegue e concreta unha parte importante dos obxectivos de educación moral e cívica presente en todo o currículo. O impacto da Ciencia e da Técnica na sociedade e nos códigos de conduta individuais e sociais é evidente. É necesario que unha reflexión ética acompañe e impregne calquera proceso educativo científico e os materiais que se propoñan para desenvolver dito proceso.

Preténdese educar para a convivencia no pluralismo cun esforzo formativo en dúas direccións:

- Respecto á autonomía dos demais.
- Diálogo como forma de solucionar as diferencias.

Educación para a saúde

Parte dun concepto integral da saúde como benestar físico e mental, individual, social e medioambiental. Establece dous tipos de obxectivos:

- Adquirir un coñecemento progresivo do corpo, das principais anomalías e enfermidades, e do xeito de previlas ou sandalas.

- Desenvolver hábitos de saúde: hixiene corporal e mental, alimentación correcta, prevención de accidentes...

A educación para a saúde constitúe unha necesidade prioritaria, non soamente porque o desenvolvemento social e tecnolóxico agudizou a incidencia de numerosas enfermidades (cáncer, enfermidades cardiovasculares, tensión, SIDA...), senón porque está comprobado que para a prevención das mesmas teñen gran importancia a adquisición de hábitos e estilos de vida.

Mención especial merece o tratamento das substancias tóxicas ou drogas. Desde unha perspectiva de rexeitamento ó uso das drogas, tanto legais como ilegais, e proporcionando a información necesaria, realizarase o tratamento destas substancias e dos efectos que producen no organismo.

Ademais, na infancia e na adolescencia é cando se modelan os hábitos de vida, saudables ou nocivos. Isto fai da E.S.O. un período formativo especialmente interesante para potenciar os estilos de vida saudables.

Educación para a paz

Nun mundo convulsionado por accións terroristas e guerras civís atroces, crueis e prolongadas, faise cada vez máis necesario educar por e para a Paz.

Calquera contido, dentro da área de Ciencias da Natureza e doutras áreas é susceptible de ser focalizado e merece a pena facelo cara á acadar a paz como ben básico e supremo.

Aínda que a maioría das causas das discordias non se deben unicamente a deficiencias educativas, unha formación impregnada de propostas de respecto mutuo e de diálogo e raciocinio colectivo evitarían, sen dúbida, moitas delas.

Persegue estes obxectivos:

- Educar para a acción. As leccións de paz, a evocación de figuras e o coñecemento de organismos comprometidos coa paz deben xerar estados de conciencia e condutas prácticas.
- Adestrarse para a solución dialogada de conflitos no ámbito escolar.

Educación do consumidor

É de alto interese dadas as características da sociedade na que vivimos. Os seus contidos estrutúranse en orde a posibilitar a construción dunha sociedade de consumo cada vez máis xusta e, solidaria e responsable, que mellore a calidade de vida dos cidadáns, e que vele pola preservación e o desenvolvemento do medio. Debe posibilitar a formación de consumidores informados, responsables e solidarios con clara conciencia dos seus dereitos.

Pretende, entre outros os seguintes obxectivos:

- Adquirir esquemas de decisión que consideren tódalas alternativas e os efectos individuais, sociais, económicos e medioambientais.
- Desenvolver un coñecemento dos mecanismos de mercado, así como dos dereitos do consumidor e as formas de facelos efectivos.
- Crear unha conciencia de consumidor responsable que se sitúe criticamente ante o consumismo e a publicidade.

Igualdade efectiva entre homes e mulleres

Nunha sociedade moderna e desenvolvida carecen de sentido, cada vez máis, as capacidades diferentes que o sistema sexo/xénero, construído socialmente, atribuíra ós homes e ás mulleres.

Unha educación na que os valores masculinos e femininos se atopan en igualdade, sen que ningún deles logre un carácter hexemónico fronte ós outros, require desenvolver entre outros, dous tipos de recursos:

- Uso dunha linguaxe non discriminatoria.
- As medidas de acción positiva, necesarias para introducir a dimensión de igualdade.

No tramo de idades que abarca a E.S.O., os estímulos que proceden do entorno prodúcense con especial intensidade. As mensaxes da publicidade, os costumes establecidos, os roles aceptados por determinados sectores sociais... tenden a sesgar as respostas esperadas dos rapaces e das rapazas.

Entre os obxectivos están:

- Desenvolver a autoestima e unha concepción do corpo como expresión da personalidade.

- Analizar criticamente a realidade e corrixir prexuízos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, na publicidade, nos xogos, nas profesións...
- Adquirir habilidades e recursos para realizar calquera tipo de tarefas, domésticas ou non.
- Consolidar hábitos non discriminatorios.

Educación ambiental

A súa inclusión responde aos dous esquemas claramente asumidos polo colectivo docente e pola sociedade en xeral: a importancia e a transcendencia que para a Humanidade e a Biosfera teñen tódolos aspectos que inciden sobre o medio ambiente, e a necesidade de propiciar desde a escola unha relación positiva e harmónica co medio ambiente.

Entre os seus obxectivos atópanse os seguintes:

- Adquirir experiencias e coñecementos suficientes para ter unha comprensión dos principais problemas ambientais.
- Desenvolver conciencia de responsabilidades respecto do medio ambiente global.
- Desenvolver capacidades e técnicas de relacionarse có medio sen contribuír ó seu deterioro, así como hábitos individuais de protección do medio.

Educación sexual

Preséntase como unha esixencia natural da formación integral da persoa. Os seus obxectivos fundamentais son:

- Adquirir información suficiente e cientificamente sólida en canto a: anatomía e fisioloxía de ámbolos dous sexos; maduración sexual; reprodución humana; reprodución asistida; prevención de embarazos; enfermidades venéreas e de transmisión sexual; manifestacións diversas da sexualidade...
- Consolidar unha serie de actitudes básicas: naturalidade no tratamento de temas relacionados coa sexualidade; criterios de prioridade en casos de conflito entre o exercicio da sexualidade e o risco sanitario; hábitos de hixiene; relación espontánea e confiada con urólogos e xinecólogos; respecto ás diferentes manifestacións da sexualidade...

- Elaborar criterios para xuízos morais sobre os delitos sexuais; a prostitución; a utilización do sexo na publicidade; a reprodución asistida...

Educación vial

Unha apreciación de sentido común, que por desgracia fundaméntase e confírmase cando analizamos as estatísticas nacionais e europeas, é que unha elevada porcentaxe das vítimas de accidentes de tráfico son persoas de idades comprendidas entre os cinco e os dezasete anos.

Este feito xustifica por si mesmo a presenza da Educación Vial no currículo. Doutra banda, a formación integral implica que a educación deberá abarcar tamén unha axeitada forma de comportarse nos niveis máis concretos da vida veciñal e doméstica.

Propóñense dous obxectivos fundamentalmente:

- Sensibilizar ós alumnos e ás alumnas sobre os accidentes de tráfico e outros problemas de circulación.
- Adquirir condutas e hábitos de seguridade vial como peóns e como usuarios de vehículos.

Tratamento do fomento da lectura

A lectura é unha habilidade fundamental á hora de comprender un texto científico. Para o seu fomento na aula, realizaranse todos os días sesións de lectura tanto individual (en silencio) como colectiva (en voz alta).

Procurarase transmitir a idea de que a lectura, sendo unha actividade fundamentalmente individual, contén tamén unha clara dimensión de ámbito social e/ou colectivo. A lectura previa silenciosa, a relectura apoiada de técnicas de subliñado, resume etc, supón unha importante ferramenta para a aprendizaxe. As explicacións na aula irán, habitualmente, precedidas de breves lecturas de textos de diferentes obras e autores en xeral relacionados cos temas a tratar na aula.

Nos traballos colectivos que se realicen ao longo da programación, incluíranse exposicións orais diante do grupo-aula.

Ao longo do curso o alumnado coñecerá un listado de libros e artigos, propios á idade, de lectura voluntaria. A maior parte deste listado estará á disposición do alumnado no mesmo centro.

Tratamento do fomento das TIC

O Centro conta cunha aceptable disposición de materiais para o uso das TIC. As aulas dispoñen de ordenadores con conexión a internet así como canón de proxección.

A busca de información na Rede será unha actividade habitual dentro das tarefas propostas ao alumnado tanto no que se refire a textos como a gráficos sobre os temas tratados na aula e que deberán incluír no seu caderno de traballo persoal.

Nalgúns casos (que se indicarán) permitirase o emprego do formato dixital para a entrega de traballos persoais, así como a súa exposición en formato Power Point ou similar.

15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

No caso de que as condicións sanitarias o permitan, desde o departamento propoñemos as seguintes actividades complementarias e extraescolares:

- Charlas, ponencias e exposicións no propio centro, para todos os cursos.
- Visita ao complexo medioambiental de Sogama para o alumnado de Ciencias da Terra e do Medioambiente de 2º de Bacharelato.
- Visita ao Centro de Transfusión de Galicia para o alumnado de Anatomía Aplicada de 1º de Bacharelato.
- Excursión ao monte Pindo para o alumnado de Bioloxía e Xeoloxía de 4º da ESO.
- Visita aos museos científicos coruñeses para o alumnado de Bioloxía e Xeoloxía de 3º da ESO.

16. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

A programación baséase nos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe establecidos na LOMCE. O seguimento da programación de cada unidade didáctica levarase a cabo nas **reunións do Departamento** o que permitirá considerar os contidos, técnicas de traballo, tempo empregado en cada actividade e os criterios de avaliación. A programación non será ríxida, sobre todo no que se refire á distribución do tempo nos diversos temas que corresponden a cada avaliación. Nas sesións de reunión do Departamento, poderase consultar, discutir e propoñer modificacións desta programación no caso de que se detectase calquera erro, dificultade especial ou impedimento para a adquisición de conceptos e obxectivos por parte do alumnado.

A presente programación avalíase mediante os seguimentos da mesma, que se realizarán mensualmente durante o transcurso do curso académico, e que virán reflectidas nas actas de reunión do Departamento de Ciencias Naturais. No caso en que atoparanse erros, problemas ou dificultades nalgún dos puntos tratados na mesma, faranse constar, tanto nas anteditas actas coma na **memoria de final de curso** que se presentará en Dirección no mes de Xullo. De tódolos xeitos, nas reunións de Departamento, intentaranse, mediante o dialogo e comparación de ideas, de arranxar e consensuar solucións ou medidas a tomar se fose necesario, sendo estas reflectidas, se fosen acertadas, en posteriores programacións didácticas.

17. SINATURAS

En Cee, a 8 de setembro de 2022.



Raúl Trasande Silva



Raquel de la Torre Garel

Laura Otero Rodriguez

